

**ACTA DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, MESTRE/A DA ESCOLA INFANTIL**

En Melide, a 31 de xullo de 2024, ás 11:00 horas, reúnense baixo a presidencia de Guadalupe Vázquez Ascariz os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar o 1º exercicio da fase de oposición do/as aspirantes para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, mestre/a da escola infantil.

Presidenta: Guadalupe Vázquez Ascariz  
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez  
Vogais: Mónica Vilariño Fociños  
Miriam Blanco Rodríguez  
Joaquín José Vázquez Rodríguez



A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración do 1º exercicio da fase de oposición do/as aspirantes presentado/as:

**1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, MESTRE/A DA ESCOLA INFANTIL**

O Tribunal á vista da base 8.2 das Bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

	Nome e Apelidos	TOTAL
1.	CORRAL CEA, GLORIA	7
2.	GAREA GARCIA, LAURA	5,66
3.	HERRERO LOSADA, LUIS	Non presentado
4.	IGLESIAS BUJAN, NURIA	Non presentada
5.	MATO MELLA, TAMARA	9
6.	OURO CARRIL, NATALIA	Non presentada
7.	REY RODRIGUEZ, ANA BELEN	5,66
8.	SEGADE GARCIA, YAIZA	5,66
9.	VARELA VILLAR, VERONICA	7,33


\* Sendo que na base 8.2 se di que o 1º exercicio da fase de oposición "consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test, cuxo contido será determinado polo Tribunal Cualificador o mesmo día antes da súa realización, de entre os temas incluídos no ANEXO III (parte xeral e parte específica), de 30 preguntas con 3 respostas alternativas" e logo de ver que o exercicio proposto está composto por 29 preguntas e 2 reservas, o Tribunal acorda facer uso da 1ª das preguntas de reserva co obxecto de cumprir co determinado pola base 8.2.


O Tribunal concede un prazo de 2 días hábiles a contar dende a publicación na sede electrónica do Concello de Melide do anuncio da valoración do 1º exercicio da fase de oposición para posibles reclamacións por parte dos aspirantes

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convocando ao Tribunal e aspirantes que superaron esta proba para a realización do 2º exercicio da fase de oposición e posterior lectura do mesmo **na casa do CONCELLO DE MELIDE o martes día 6 de agosto de 2024 ás 10:00 horas**, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 12:15 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 31 de xullo de 2024



O Tribunal  
  
Mónica Vilariño Fociños





**ANEXO**

**1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, MESTRE DA ESCOLA INFANTIL**

**NOME:**

**APELIDOS:**

**1. A forma política do Estado español é?**

- a) Monarquía absoluta
- b) República federal
- c) Monarquía parlamentaria

**2.- Quen representa ao Concello?**

- a) O Pleno
- b) A Xunta de Goberno
- c) O alcalde/sa

**3.- A entidade básica da organización territorial do Estado é:**

- a) O municipio
- b) A provincia
- c) A comunidade autónoma

**4.- Cando se aprobou el Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- a) 6 de abril de 1981
- b) 6 de abril de 1983
- c) 6 de abril de 1985

**5.- Concepto de municipio:**

- a) O territorio no que o concello exerce as súas competencias.
- b) O conxunto de persoas que viven no mesmo.
- c) Entidade territorial básica dotada de autonomía para a xestión dos seus propios intereses, e por tanto dotada de personalidade xurídica plena.

**6.- Con cantas prazas autorizadas conta a Escola Infantil do Concello de Melide?**

- a) 86
- b) 50
- c) 110

**7. Cal dos seguintes fitos referidos ao desenvolvemento social non se corresponde coa idade asociada:**

- a) 0-6 meses: recoñecemento das persoas e reacción consecuenta coa súa persoa.
- b) 6-12 meses: discriminan e adoptan unha postura de cautela fronte os/as descoñecidos/as.
- c) 2-3 anos: non coñecen a norma social ou non a comprenden.

**8. Cal das seguintes habilidades lingüísticas é propia da idade dos 4 anos:**

- a) Comeza a controlar o singular e o plural.
- b) Uso de conxuncións e entende as preposicións.
- c) Tendencia a facer preguntas que dean unha saída ao egocentrismo á socialización.

**9. Sinala cal non é unha teoría conductista:**



- a) Condicionamento cognitivo de Gagné.
- b) Condicionamento clásico de Watson.
- c) Teoría das estadas de Bruner.

10. O principal obxectivo das técnicas de psicomotricidade que traballan a dominancia lateral é:

- a) Diferenciar as partes dereita e esquerda do corpo.
- b) O uso indistinto de ambas mans.
- c) Potenciar a dominancia da parte dereita do corpo.

11. A reacción nociva e esaxerada do sistema inmunitario dun individuo tras a inxesta, contacto ou inhalación dun determinado alimento defínese como:

- a) Alerxia alimentaria.
- b) Intolerancia alimentaria.
- c) Intoxicación alimentaria.

12. Tipos de apego:

- a) Seguro e inseguro.
- b) Seguro, ansioso – ambivalente e evitativo.
- c) Seguro, ansioso – ambivalente, evitativo e desorganizado.

13. Á expulsión da leite que realiza o bebé sen motivo aparente despois da toma e que frecuentemente desaparece coa maduración do sistema dixestivo, denomínase:

- a) Vómito.
- b) Regurxitación.
- c) Pica.

14. Tendo en conta a clasificación en formatos da adquisición da linguaxe de Bruner, onde situarías o xogo do “cucutrás”:

- a) Formato de acción conxunta.
- b) Formato de atención conxunta.
- c) Formato mixto.

15. Montessori denominaba “Periodos sensibles” a:

- a) Fases de interese e curiosidade.
- b) Fases de adaptación e acomodación.
- c) Momentos de frustración.

16. A técnica do xogo de rol é empregada na

- a) Terapia Sistémica.
- b) Sociometría.
- c) Psicoloxía.

17. O Efecto Pigmalion é:

- a) Unha teoría sobre o desenvolvemento cognitivo infantil proposta por Freud.
- b) Un fenómeno psicolóxico polo cal as expectativas dunha persoa sobre outra inflúen no seu comportamento e desempeño.
- c) Unha técnica educativa baseada no reforzo positivo para mellorar o rendemento nos/as nenos/as.

18. O obxectivo principal das estacións de aprendizaxe é:

- a) Reducir a participación do docente no proceso de ensinanza.
- b) Homoxeneizar o ritmo de aprendizaxe do noso alumnado.
- c) Ofrecer actividades variadas e adaptadas aos intereses individuais.

19. A extinción e/ou tempo fora:



- a) É unha técnica de modificación de conduta empregada para reforzar condutas positivas.
- b) Baséase en retirar un estímulo desagradable.
- c) É unha técnica baseada no condicionamento operante.

**20. As condutas regresivas:**

- a) Poden ser un intento do neno/a por atraer a atención dos adultos.
- b) Consisten en que o/a neno/a leve a cabo condutas infantís dunha etapa anterior xa superada.
- c) Todas as respostas son correctas.

**21. Cal dos seguintes non é un Protocolo Educativo da Xunta de Galicia:**

- a) Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temprá.
- b) Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outros trastornos de aprendizaxe
- c) Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

**22. A que idade, o recen nacido, alcanza unha visión case comparable á dun adulto/a?**

- a) Cara o octavo ou noveno mes.
- b) Cara o segundo ou terceiro mes.
- c) Cara o cuarto ou quinto mes.

**23. O aprendizaxe cooperativo informal, segundo Johnson e Johnson consiste:**

- a) Crear equipos cooperativos heteroxéneos formados polo/a mestre/a, que traballan periodicamente (dúas veces por semana mínimo) durante un período longo de tempo.
- b) O alumnado traballa en equipos de entre dous e tres membros, cunha duración inferior dunha sesión e que son establecidos sobre a marcha de xeito puntual no desenvolvemento dunha sesión.
- c) O alumnado traballa en equipos desde unha clase ata varias semana, para acadar unha meta e/ou completar conxuntamente unha tarefa.

**24. As siglas OAOA na aprendizaxe das matemáticas significan:**

- a) Operacións aritméticas e outras aptitudes matemáticas.
- b) Outras aprendizaxes e operacións aritméticas.
- c) Outros algoritmos para as operacións matemáticas.

**25. Cal das seguintes estratexias é mais efectiva para fomentar a linguaxe nos/as nenos/as de educación infantil?**

- a) Ler contos en voz alta a diario.
- b) Corrixir todos os erros fonolóxicos e gramaticais.
- c) Evitar facer preguntas abertas.

**26. Sinala a medida de atención á diversidade que non é de carácter ordinario:**

- a) Enriquecemento curricular.
- b) Apoio de profesorado especialista en PT e/ou AL.
- c) Programa de habilidades e competencias sociais.

**27. Sigmund Freud define o SUPEREU como:**

- a) Aquela parte da personalidade que se atopa en contacto coa realidade.
- b) Representación das esixencias éticas e morais do ser humano.
- c) Representación dos instintos básicos do ser humano como o amor e o odio.

**28. O Test de Goodenough, é unha técnica para medir a intelixencia xeral a través do análise de:**

- a) Matrices.
- b) Puzzles visuais e cubos.
- c) Representación da figura humana.

**29. Con que principio de DUA relacionarías a pauta de “Proporcionar opcións para as funcións executivas”:**

- a) Proporcionar múltiples formas de representación.

- b) Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- c) Proporcionar múltiples formas de implicación.

**RESERVA:**

**1. O sentimento de pertenza a un ou outro sexa denomínase:**

- a) Orientación sexual.
- b) Preferencia sexual.
- c) Identidade sexual.

**2. Que significan as siglas do método ABN:**

- a) Aprendizaxe baseado no número.
- b) Aprendizaxe baseado no neno.
- c) Algoritmo baseado en números.



Handwritten signatures in blue ink, including the name 'Mónica' and other illegible signatures.

